



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRA A CONTRATACION , MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, MODALIDADE DE CONCURSO, DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE ARRENDAMENTO FINANCEIRO OU ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA , NO CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA) .

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Calificación do Contrato

O obxecto do contrato é o subministro dos seguintes vehículos para o Concello de Bueu: Vehículo A (furgoneta), Vehículo B (camión con guindastre), vehículo C (turismo Policía Local) e vehículo D (remolque), mediante a modalidade de arrendamento financeiro ou arrendamento con opción de compra por procedemento aberto, modalidade de concurso, de conformidade co contido do presente prego. Dito equipamento deberá contar coas especificacións técnicas que se unen ao presente prego como **ANEXO 1**.

O contrato definido ten a calificación de contrato administrativo de subministro, tal e como establecen os artigos 9 e 290 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de subministro na modalidade de arrendamento financeiro será o procedemento aberto, modalidade de concurso, no que a adxudicación recaerá no candidato que presente a oferta máis vantaxosa no seu conxunto, ao abeiro do establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA TERCEIRA. ANUNCIO DA CONVOCATORIA E PUBLICACION EXTRACTADA DO PRESENTE PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS

Xunto co anuncio de convocatoria publicarase no BOP un resumo extractado do Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Se se produciran reclamacións contra o Prego, suspenderase a licitación e o prazo para a presentación de proposicións, reanudándose o que reste a partires da data seguinte á da resolución daquelas.

Os pregos publicaranse igualmente no perfil do contratante da web municipal www.concellodebueu.org

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 39.675,67 euros anuais, sen incluír o porcentaxe de IVE (21%), o que supón pola duración total do contrato de



catro anos, unha coantía igual a 158.702,68 euros, que será mellorable á baixa polos licitadores; o prezo certo anterior queda desglosado da seguinte maneira:

- 3.306,31 € /mes (Cuota + intereses. IVE non engadido)
- Cota con IVE 4.000,63 euros/mes.
- 39.675,67 €/ ano, sen IVE.
- 158.702,68 € para a duración total do contrato (sen IVE)

Dito importe poderá minorarse en función da cuota residual que corresponda á finalización do renting e ata un importe máximo de 12.000 €.

O expediente de Contratación tramitase ao abeiro do establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A estes efectos o Organo de Contratación comprometerá os créditos orzamentarios necesarios para os exercizos 2013, 2014, 2015 e 2016, polo que a adxudicación do concurso queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato.

O prezo do contrato deberá referirse aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades da mesma que se entreguen ou executen.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanto o Prezo do contrato como os gastos da entrega e transportes dos bens obxecto do suministro, Imposto sobre o Valor Engadido e demais tributos que sexan de aplicación según as disposicións vixentes.

CLÁUSULA QUINTA. Duración del Contrato

A duración do contrato fíxase en 48 meses (catro anos), prazo que empezará a contar desde a data de formalización da acta de recepción e conformidade coa entrega da maquinaria obxecto do contrato.

A posta a disposición do Concello do subministro efectuarase no prazo máximo de UN MES a contar desde a formalización do contrato, no lugar que a tal efecto se indique polo Concello.

Para constancia da entrega levantarase a correspondente acta de recepción, que será asinada pola empresa adxudicataria do contrato e os representantes do Concello de Bueu.

Cando o subministro non se atope en condicións de ser recibido, terá que constar expresamente na acta e daranse as instrucións precisas ao contratista para que subsane os defectos ou proceda a un novo subministro.

Cando a Administración estime que non será suficiente coa subsanación ou substitución, poderá rexeitar os bens subministrados, deixándoos de conta do



contratista e quedando exenta da obriga de pago ou tendo o dereito, de ser o caso, a recuperar o prezo satisfeito.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten su solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula sua actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, según o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, por su inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da **non concurrencia dalgunha das prohibicións de contratar** do artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, poderá realizarse:

a) Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, según os casos. Este documento poderá ser substituído por unha declaración responsable.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade esté prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1 **A solvencia económica y financiera** do empresario se acreditará polos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financieras, con referencia ó contrato e o seu orzamento ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais .



b) Declaración sobre o volume global de negocios e sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto do contrato, referido ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da empresa. O volume de negocios no ámbito de actividade correspondente ao obxecto do contrato deberá ser como mínimo o dobre do orzamento de licitación.

3.2. A **solvencia técnica** dos empresarios se acreditará polos seguintes medios:

a) Relación dos principais suministros efectuados durante os tres últimos anos, indicando seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. Os subsuministros efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Mostras, descripciones e fotografías dos produtos a suministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.

CLÁUSULA SÉPTIMA. Garantías esixibles

Provisional: Non se esixe para a presente licitación.

Definitiva: O licitador que resulte adxudicatario do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen engadir o IVE, ao abeiro do preceptuado no artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA OCTAVA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As solicitudes para participar na licitación xunto coa documentación correspondente presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de bueu en horario de 9,00 h. a 14,00 horas durante os QUINCE (15) DIAS NATURAIS a partir do día seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP e no Perfil do Contratante

Os interesados poderán examinar o Prego de Cláusulas Administrativas e Técnicas no Negociado de Secretaría, en horas de oficinas ao público de 9'00 h. a 14'00 h., durante o prazo de presentación de proposicións, ou ben consultando a web municipal www.concellodebueu.org facendo clic no apartado perfil do contratante

As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción del referido télex, fax ou telegrama se efectuará mediante dilixencia extendida no mesmo pola Secretaria municipal. Sen a concurrencia destes requisitos, non será admitida a oferta si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional decimosexta do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá suscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas ofertas por él suscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do enderezo a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para participar no concurso para a contratación do arrendamento financeiro ou arrendamento con opción de compra de vehículos e maquinaria no Concello de Bueu». A denominación dos sobres é a seguinte:

— **Sobre «A»: Documentación Administrativa.**

— **Sobre «B»: Oferta Económica.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como una relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.



— Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación.

— Se o candidato fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testimonio notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso algunha das prohibicións para contratar das recollidas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vai efectuar ésta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

SOBRE «B»

OFERTA ECONÓMICA

a) Oferta económica.

Se presentará conforme ao seguinte modelo:

“D....., con enderezo a efectos de notificacións en....., C/....., nº....., con D.N.I....., en representación da entidade....., con C.I.F....., enterado do expediente para a contratación de VEHICULOS E MAQUINARIA PARA O CONCELLO DE BUEU, MEDIANTE A MODALIDADE DE ARRENDAMENTO FINANCIERO OU ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA, por procedemento aberto, mediante concurso, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto íntegramente, tomando parte na licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe total de..... Euros máis Euros correspondentes ao Imposto sobre el Valor Engadido.

- Cuota mensual..... (IVE excluído)

- Prazo de entrega.....

- Prazo de garantía



CLÁUSULA NOVENA. Criterios de valoración.

Para a valoración das ofertas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

- Menor Prezo: ata 6 puntos
- Prazo de entrega: ata 3 puntos
- Prazo de garantía: ata 1 punto

A valoración destes criterios realizarase outorgando a máxima puntuación á mellor oferta e valorando as restantes en proporción á esta.

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación.

Mesa de Contratación.- A Mesa de Contratación estará composta polos vogais seguintes:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Sr. Concelleiro de Servizos Municipais: D. Fidel Castro Quiroga.
- O Interventor do Concello.
- A Secretaria Xeral do Concello de Bueu
- O Arquitecto Técnico Municipal

Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interés público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.



CLÁUSULA DUODECIMA. Apertura de ofertas e Adjudicación

A apertura das ofertas deberá efectuarse dentro do prazo máximo de dez días contado desde a data de finalización do prazo para presentar as mesmas, polo órgano de contratación.

A Mesa de Contratación cualificará previamente a documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos e documentación xeral (Sobre A), que deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición económica, e procederá posteriormente á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adjudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adjudicatario.

Poderán solicitarse do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou, mesmo, pedirlle a presentación doutros complementarios.

Se a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días hábiles para que o licitador os enmende.

En todo caso non se procederá á apertura das proposicións económicas presentadas ata que a Mesa decida sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorridos, de terse requirido, os prazos anteriores para complemento, aclaración ou subsanación da documentación

A apertura das proposicións económicas terá lugar en acto público, ao que serán convocados os licitadores cunha antelación mínima de 48 horas.

Recabados os informes necesarios, a Mesa de contratación, unha vez valoradas as ofertas presentadas polos licitadores, remitirá a acta con proposta de adjudicación ao órgano competente para a contratación, que, tras os informes técnicos que estime procedentes, adjudicará o contrato no prazo máximo de quince días a contar desde a apertura das proposicións ou, de así estimarse fundadamente, deixará deserto o procedemento de contratación, debendo notificarse a mesma aos candidatos e publicarse no Perfil de Contratante.

As proposicións afectadas por calquera das causas precisadas no artigo 84 do RD 1098/2001 serán rexeitadas motivadamente.

A proposta de adjudicación feita pola Mesa de Contratación, non creará dereito algún en favor do adjudicatario provisional fronte á Administración.



CLÁUSULA DECIMOTERCEIRA. Constitución de garantías e aportación de documentación.

A empresa adxudicataria, antes da formalización do contrato e dentro dos 5 días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, deberá de acreditar a constitución de garantía definitiva equivalente ao 5% do importe da adxudicación (IVE excluído), que poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

No mesmo prazo o empresario proposto como adxudicatario que non presentara estes documentos conxuntamente coa oferta, deberá presentar as certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar que lle reclame o órgano de contratación. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cosa nestos pregos.

CLÁUSULA DECIMOCUARTA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

CLÁUSULA DECIMOQUINTA. Dereitos e Obrigas do Adxudicatario

Ademáis das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, según as disposicións vixentes na forma e cuantía que éstas sinalen.
- Gastos de publicación dos preceptivos anuncios.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA. Revisión de Prezos

A revisión de prezos non terá lugar nos contratos cuxo pago se concerte mediante o sistema de arrendamento financeiro ou de arrendamento con opción a compra, nin nos contratos menores.

CLÁUSULA DECIMOSEPTIMA. Prazo de Garantía

O prazo de garantía dos equipamentos suministrados será de DOUS ANOS a contar dende a data de entrega dos bens, e se durante o mesmo se acredita a existencia de vicios ou defectos no suministro, a Administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente.



Ao marxe das garantías previstas pola normativa de contratación, e en canto non sexan incompatibles con éstas, o subministro estará suxeito ás garantías previstas na Lei 23/2003, de 10 de xullo, de Garantías na Compraventa de Bens de Consumo.

Se a Administración estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e exista a presunción de que a reposición ou reparación de ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar dito prazo, rexeitar os bens deixándolos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

CLÁUSULA DECIMOITAVA. Execución do Contrato

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA DECIMONOVENA. Penalidades por Incumprimento

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias previstas no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en contía de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, de terse designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra.

CLÁUSULA VIXÉSIMOPRIMEIRA. Resolución do Contrato



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos restantes previstos na normativa de contratos; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen perxuízo da indemnización polos danos e perxuízos ocasionados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMOSEGUNDA . Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, execución e extinción rexerá polo establecido neste Prego, e para o non previsto en él, será de aplicación Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que poidan xurdir entre as partes no presente contrato.

En Bueu, a 11 de marzo de 2013